



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 664

IX lexislatura

23 de xuño de 2016

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

Asignación, cualificación e publicación do acordo

- 51039 (09/PDC-000001) (09/POC-007691)

Vilán Lorenzo, Patricia

Pregunta de iniciativa popular sobre a práctica dos cans encadeados en Galicia

[154286](#)

- 51041 (09/PDC-000003) (09/POC-007693)

Vilán Lorenzo, Patricia

Pregunta de iniciativa popular sobre o emprego de animais en ensaios de todo tipo na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2014 e 2015

[154286](#)

- 51040 (09/PDC-000002) (09/POC-007692)

Trenor López, Gonzalo

Pregunta de iniciativa popular sobre o comercio ilegal de animais e a fraude producida pola súa venda a través das novas tecnoloxías

[154286](#)

Admisión a trámite e publicación

- 51508 (09/PDC-000005)

Pérez Sueiras, Rubén

Pregunta de iniciativa popular sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a prohibición do acceso das persoas menores de 12 anos ás touradas

[154292](#)

- 51509 (09/PDC-000006)

Pérez Sueiras, Rubén

Pregunta de iniciativa popular sobre a situación na que se atopan os animais abandonados recollidos e trasladados ás canceiras da

Deputación Provincial de Ourense, as inspeccións realizadas e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto [154293](#)

- 51510 (09/PDC-000007)

Pérez Sueiras, Rubén

Pregunta de iniciativa popular sobre a inclusión polo Goberno galego no Anteproxecto de lei de protección animal da prohibición do uso de animais en atraccións e carruseis, así como as inspeccións realizadas nese tipo de instalacións no período 2011-2016 [154294](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

- 51572 - 39564 (09/PRE-011296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis

Sobre o financiamento da Cidade da Cultura [154295](#)

- 51501 - 39674 (09/PRE-011301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os criterios da Xunta en relación coa dotación de fondos bibliográficos ás bibliotecas galegas [154297](#)

- 51570 - 44909 (09/PRE-011693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Concello da Coruña para a reapertura da cafetería da estación de autobuses [154298](#)

- 51518 - 39673 (09/PRE-011892)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os criterios da Xunta en relación coa dotación de fondos bibliográficos ás bibliotecas galegas [154300](#)

- 51496 - 45929 (09/PRE-013149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre a opinión e as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa pretensión das autoridades francesas de obrigar os tripulantes dos barcos galegos abandeirados en Francia a darse de alta a cotizar no *Établissement National des Invalides de la Marine* [154301](#)

- 51498 - 48896 (09/PRE-013321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre os criterios seguidos para a repartición da cota de xurelo condonada, a súa incidencia na das embarcacións que teñen menos e as actuacións previstas para a súa unificación, así como a realización dunha xestión conxunta da frota do cerco que permita o mantemento da súa actividade e rendibilidade [154302](#)

- 51500 - 49063 (09/PRE-013330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre os criterios defendidos polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para outras artes distintas ao cerco e o arrastre [154303](#)

- 51497 - 49600 (09/PRE-013380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa xestión da campaña da xarda para a frota de artes menores no ano 2016, as súas previsións respecto da demanda de modificación do actual sistema de repartición das posibilidades de pesca e as actuacións que vai implementar para posibilitarlle á frota a descarga das capturas accidentais desa especie no que queda de ano [154304](#)

- 51499 - 49799 (09/PRE-013393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os resultados das negociacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e o Goberno central para regularizar as cotizacións dos mariñeiros enrolados en barcos de empresas galegas e bandeira francesa, así como a incidencia que vai ter a posible solución para as empresas armadoras e os traballadores [154305](#)

- 51571 - 50587 (09/PRE-013488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a información e a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación padecida en datas recentes polos viaxeiros do tren Talgo nocturno que opera na liña Madrid-Vigo-Pontevedra, a consecuencia da insuficiencia de maquinistas de Renfe para cubrir as vacantes ocasionadas polo plan de baixas voluntarias na residencia de maquinistas de Ourense [154306](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 28 de xuño de 2016, ás 10.00 horas) [154288](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros do acordo da Mesa do Parlamento do 14 de xuño de 2016 en relación cos proponentes da pregunta con resposta escrita (doc. núm. 51367 09/PRE-013546) [154291](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de xuño de 2016, adoptou os seguintes acordos:

Asignación, cualificación e publicación do acordo

- 51039 (09/PDC-000001) (09/POC-007691)

Vilán Lorenzo, Patricia

Pregunta de iniciativa popular sobre a práctica dos cans encadeados en Galicia

BOPG nº 654, do 06.06.2016

- 51041 (09/PDC-000003) (09/POC-007693)

Vilán Lorenzo, Patricia

Pregunta de iniciativa popular sobre o emprego de animais en ensaios de todo tipo na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2014 e 2015

BOPG nº 654, do 06.06.2016

A Mesa toma coñecemento do escrito da deputada dona Patricia Vilán Lorenzo (doc. núm. 51255) polo que solicita asumir como propias e converter en preguntas con resposta oral en comisión as pregunta de iniciativa popular docs. núms. 51039 (09/PDC-000001) e 51041 (09/PDC-000003), e acorda:

1º. Asignar as preguntas á deputada.

2º. Cualificalas como preguntas con resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4º. Comunicar o acordo aos promotores da iniciativa.

- 51040 (09/PDC-000002) (09/POC-007692)

Trenor López, Gonzalo

Pregunta de iniciativa popular sobre o comercio ilegal de animais e a fraude producida pola súa venda a través das novas tecnoloxías

BOPG nº 654, do 06.06.2016

A Mesa toma coñecemento do escrito do deputado don Gonzalo Trenor López (doc. núm. 51251) polo que solicita asumir como propia e converter en pregunta con resposta oral en comisión a pregunta de iniciativa popular doc. núm. 51040 (09/PDC-000002), e acorda:

1º. Asignar a pregunta ao deputado.

2º. Cualificala como pregunta con resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4º. Comunicar o acordo aos promotores da iniciativa.

Admisión a trámite e publicación

- 51508 (09/PDC-000005)

Pérez Sueiras, Rubén

Pregunta de iniciativa popular sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a prohibición do acceso das persoas menores de 12 anos ás touradas

- 51509 (09/PDC-000006)

Pérez Sueiras, Rubén

Pregunta de iniciativa popular sobre a situación na que se atopan os animais abandonados recollidos e trasladados ás cancelas da Deputación Provincial de Ourense, as inspeccións realizadas e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

- 51510 (09/PDC-000007)

Pérez Sueiras, Rubén

Pregunta de iniciativa popular sobre a inclusión polo Goberno galego no Anteproxecto de lei de protección animal da prohibición do uso de animais en atraccións e carruseis, así como as inspeccións realizadas nese tipo de instalacións no período 2011-2016

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como preguntas de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no artigo 17, apartado terceiro, da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico aberto as 24 horas do día poderá producirse a asunción desde as 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial* da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1ª

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 21 de xuño de 2016, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados, e publicación

- 51572 - 39564 (09/PRE-011296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio e 2 máis

Sobre o financiamento da Cidade da Cultura

- 51501 - 39674 (09/PRE-011301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os criterios da Xunta en relación coa dotación de fondos bibliográficos ás bibliotecas galegas

- 51570 - 44909 (09/PRE-011693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Concello da Coruña para a reapertura da cafetería da estación de autobuses

- 51518 - 39673 (09/PRE-011892)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os criterios da Xunta en relación coa dotación de fondos bibliográficos ás bibliotecas galegas

- 51496 - 45929 (09/PRE-013149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre a opinión e as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa pretensión das autoridades francesas de obrigar os tripulantes dos barcos galegos abandonados en Francia a darse de alta a cotizar no *Établissement National des Invalides de la Marine*

- 51498 - 48896 (09/PRE-013321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre os criterios seguidos para a repartición da cota de xurelo condonada, a súa incidencia na das embarcacións que teñen menos e as actuacións previstas para a súa unificación, así como a realización dunha xestión conxunta da frota do cerco que permita o mantemento da súa actividade e rendibilidade

- 51500 - 49063 (09/PRE-013330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre os criterios defendidos polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para outras artes distintas ao cerco e o arrastre

- 51497 - 49600 (09/PRE-013380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa xestión da campaña da xarda para a frota de artes menores no ano 2016, as súas previsións respecto da demanda de modificación do actual sistema de repartición das posibilidades de pesca e as actuacións que vai implementar para posibilitarlle á frota a descarga das capturas accidentais desa especie no que queda de ano

- 51499 - 49799 (09/PRE-013393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os resultados das negociacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e o Goberno central para regularizar as cotizacións

dos mariñeiros enrolados en barcos de empresas galegas e bandeira francesa, así como a incidencia que vai ter a posible solución para as empresas armadoras e os traballadores

- 51571 - 50587 (09/PRE-013488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a información e a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación padecida en datas recentes polos viaxeiros do tren Talgo nocturno que opera na liña Madrid-Vigo-Pontevedra, a consecuencia da insuficiencia de maquinistas de Renfe para cubrir as vacantes ocasionadas polo plan de baixas voluntarias na residencia de maquinistas de Ourense

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 28 de xuño de 2016, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 28 de xuño de 2016, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 21 de xuño de 2016, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Elección de:

1.1 Tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo (doc. núm. 50578).

1.2 Catro membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (doc. núm. 51223).

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,

do Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (doc. núm. 47240, 09/PL-000036).

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 658, do 14.06.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 658, do 14.06.2016

2.2 Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de Lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto. (doc. núm. 51420, PL-000040)

Publicación do proxecto de lei, BOPG nº 663, do 22.06.2016

2.3 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (doc. núm. 47574, 09/PPL-000042)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 662, do 21.06.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 662, do 21.06.2016

Punto 3. Solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña) (doc. núm. 51475, 09/SCI-000013)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

Punto 4. Mocións

4.1 51384 (09/MOC-000188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3778, publicada no BOPG nº 58, do 26.02.2013, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

4.2 51385 (09/MOC-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais. (Moción a

consecuencia da Interpelación nº 42684, publicada no BOPG nº 539, do 21.10.2015, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

4.3 51386 (09/MOC-000190)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo, as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43220, publicada no BOPG nº 545, do 04.11.2015, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.1 46042 (09/PNP-003819)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Asociación Galega de Familias Numerosas
De iniciativa popular, sobre redución do tipo impositivo do IVE dos cueiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 658, do 14.06.2016

5.2 50551 (09/PNP-003711)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

5.3 50798 (09/PNP-003739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Goldar Güimil, Jesús Antonio, e catorce deputados/as máis
Sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaioito anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.4 50889 (09/PNP-003756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados/as máis
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.5 50903 (09/PNP-003757)

Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.6 50924 (09/PNP-003759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia, e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

5.7 51317 (09/PNP-003792)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón, e cinco deputados/as máis
Sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

5.8 51285 (09/PNP-003787)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodexenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 6. Interpelacións

6.1 44913 (09/INT-001706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad, e catro deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia e as súas consecuencias para a economía e a sociedade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 573, do 16.12.2015

6.2 51050 (09/INT-001979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre a política de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

6.3 51309 (09/INT-001984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción, e dous deputados/as máis
Sobre a diminución do persoal docente e investigador no Sistema universitario de Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 51617 (09/POPX-000195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre o balance da política xeral do Goberno galego en relación coa mellora dos dereitos da cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

7.2 51621 (09/POPX-000196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa dirección que está a seguir Galicia en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

7.3 51639 (09/POPX-000197)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as razóns da crítica aos médicos do sistema sanitario público que denunciaron o atasco na dispensación dos medicamentos contra a hepatitis C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 50740 (09/POP-004972)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Dorado Soto, Javier, e tres deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción da estación intermodal de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

8.2 51638 (09/PUP-000282)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis
Sobre as medidas que vai implementar o Goberno galego para evitar o incremento dos accidentes laborais graves

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

8.3 47349 (09/POP-004508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados/as máis
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de tabletas os centros educativos que imparten a etapa de educación infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

8.4 45707 (09/POP-004226)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do disposto na Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

8.5 51626 (09/PUP-000281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa
Sobre as razóns do Goberno galego para non asinar un convenio colectivo cos traballadores do Consorcio Galego Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

8.6 45253 (09/POP-004129)

Grupo Parlamentario Mixto
Martínez García, María Consuelo
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa ampliación dos contratos dos traballadores e traballadoras de Seaga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 20.01.2016

8.7 49019 (09/POP-004744)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recorrer a traballadores do sector privado en lugar do persoal de Seaga para os traballos de limpeza dos montes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

8.8 49617 (09/POP-004837)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións concretas susceptibles de realización, ao abeiro do convenio de colaboración proposto a través da Consellería do Medio Rural aos concellos galegos, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

8.9 50310 (09/POP-004929)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitar-lles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros do acordo da Mesa do Parlamento do 14 de xuño de 2016 en relación cos propoñentes da pregunta con resposta escrita (doc. núm. 51367 09/PRE-013546)

Advertido un erro material no oficio de execución dos acordos da Mesa do Parlamento do 14 de xuño de 2016, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Débense cambiar os propoñentes da iniciativa de referencia e, por tanto, onde di:

«- 51367 (09/PRE-013546)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as previsións existentes respecto da inclusión dun punto de venda de artesanía de Galicia en Santiago de Compostela dentro da colaboración estival anunciada entre a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, dependente da Dirección Xeral de Comercio, e a Fundación Museo Eugenio Granell, así como a súa autorización polo Goberno galego.»

Debe dicir:

«- 51367 (09/PRE-013546)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre as previsións existentes respecto da inclusión dun punto de venda de artesanía de Galicia en Santiago de Compostela dentro da colaboración estival anunciada entre a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, dependente da Dirección Xeral de Comercio, e a Fundación Museo Eugenio Granell, así como a súa autorización polo Goberno galego.»

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2016

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



**PREGUNTA SOBRE AS PREVISIÓNS PARA A INCLUSIÓN DO VETO DE ACCESO DE PERSOAS
MENORES DE IDADE EN EVENTOS TAUROMÁQUICOS**

Xa teñen pasado cinco anos dende que o Parlamento de Galicia, a través dunha Proposición Non de Lei, aprobouse por unanimidade instar á Xunta a establecer as medidas regulamentarias necesarias para impedir o acceso de nenas e nenos menores aos 12 anos aos eventos taurinos en prazas, como o caso de Pontevedra ou as situacións que se deron nestes últimos exercicios na Coruña, Sarria e Padrón.

Os expertos e as pesquisas realizadas nos últimos anos evidencian o impacto negativo que as touradas pode ter no desenvolvemento moral, social e psicolóxico das persoas menores de idade, tanto como espectadores “en vivo” como a través de retransmisións televisivas.

O goberno galego ten, canto menos, a obriga moral de aprobar aquelas medidas legislativas para o cumprimento que chegou do acordo da totalidade das deputadas e deputados da Comisión 1ª.

E por iso que preguntamos:

- Cando pretende a Xunta por en marcha as medidas de prohibición de acceso de menores de 12 anos en eventos tauromáquicos?
- É consciente o goberno galego das recomendacións da oficina do Valedor do Pobo e das advertencias do eido científico ao respecto?

PREGUNTA SOBRE A SITUACIÓN DAS CANCEIRAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Diferentes colectivos e persoas voluntarias contra o abandono animal teñen advertido sobre as condicións de vida nas que se ven obrigados a subsistir ducias de animais, fundamentalmente cans, que son recollidos polo servizo de lacería da Deputación de Ourense, que os traslada ás diferentes instalacións dependentes do ente provincial e que, en grande parte, comparten un modelo de xestión que se consideraría errado en grande parte do mundo desenvolvido.

Animais que morren polas baixas temperaturas, que se acomodan sobre pedazos de madeira semipodrida ou que son alimentados con polo crú. Esta é a dinámica de funcionamento de centros como o do Carballiño, espazos e servizos que está a pagar a cidadanía ourensana e que requirirían, como mínimo, o cumprimento das disposicións básicas en materia de benestar e protección dos animais.

Un servizo de recollida de animais abandonados non pode tratar aos mesmos pouco máis que como despojos ou produtos, cando en realidade son obxeto da irresponsabilidade das persoas que os abandonan. Tampouco existe constancia de que a Deputación de Ourense, responsable última destes animais, teña denunciado o abandono daqueles animais que non son reclamados superados o prazo legal estipulado na Lei 1/93 de Protección dos Animais de Galicia.

E por iso que preguntamos:

- Coñece o goberno a situación dos animais nas canceiras da Deputación de Ourense? En caso positivo, qué medidas pensa tomar para evitar que sexan alimentados ou aloxados con métodos pouco ortodoxos?
- Cantas inspeccións foron realizadas nas instalacións citadas? Atopouse algunha irregularidade ou existe algún expediente sancionador aberto ou pechado con sanción?



**PREGUNTA SOBRE A PRESENZA DE ATRACCIÓN QUE EMPREGAN ANIMAIS NOS
CONCELLOS GALEGOS**

Nos últimos meses teñen aparecido nos medios de comunicación as queixas cidadás ao respecto da permisividade legal co uso de animais, principalmente da familia dos équidos, en atraccións e os chamados 'tio vivos' en festas como Narón ou O Páramo. Segundo os expertos estes animais son sometidos a condicións de vida moi negativas e a xornadas de traballo que afectan ao seu comportamento e a súa saúde.

O Anteproxecto de Lei de Protección Animal que anunciou a Xunta de Galicia e que se someteu ao periodo de alegacións incluía o veto ao uso de animais en atraccións máis non especifica se este emprego será obxecto de prohibición no caso dos famosos 'tio vivos' aínda que a interpretación puidera ir neste camiño.

E por iso que preguntamos:



- Inclúe a Xunta a prohibición de uso de animais en atraccións e tio vivos con independencia da súa especie?
- Cantas inspeccións foron realizadas en instalacións desta índole no periodo 2011-2016, ambos anos inclusive?



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39564**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Emilio Vázquez Blanco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o financiamento da Cidade da Cultura”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Gaiás e Fundación Cidade da Cultura de Galicia acordaron de xeito consensuado pór fin a un modelo baseado en dúas fundacións e apostar por unha única (a Fundación Cidade da Cultura). A solución acordada entre a Xunta e os patronos privados permitirá unha xestión máis eficiente, menos custosa e que seguirá a garantir o compromiso económico estable por parte destas empresas coa Cidade da Cultura.

As empresas que formaban parte da Fundación Gaiás solicitarán a súa incorporación á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, que adoptará as disposicións necesarias para darlles entrada. Estas empresas terán representación no padroado a través dun sistema de turnos: cada dous anos, tres delas estarán presentes neste órgano.

O capital xestionado ata agora pola Fundación Gaiás, procedente das achegas iniciais das empresas e da Xunta de Galicia no momento da súa constitución, será transferido a un fondo do que será beneficiario a Fundación Cidade da Cultura. O seu uso será exclusivamente o financiamento das actividades culturais que se organicen no Gaiás. Deste xeito, a Fundación Cidade da Cultura recibirá cada ano unha transferencia para este fin procedente deste fondo.

A decisión, que xa figuraba no programa do PP de Galicia, permitirá suprimir duplicidades, simplificar o modelo de xestión e garantir unha vía estable de financiamento baseada no capital privado. Do mesmo, supón unha adecuación á realidade actual -diferente ao momento no que se constituíu a Fundación Gaiás- xa que, por exemplo, un dos fins da Fundación Gaiás era precisamente a explotación do Teatro da Música, un dos dous edificios que non se construirán.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias





Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39674**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os criterios da Xunta en relación coa dotación de fondos bibliográficos ás bibliotecas galegas”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2016), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En resposta á pregunta parlamentaria con nº de rexistro 39674, sobre os criterios da Xunta en relación coa dotación de fondos bibliográficos ás bibliotecas galegas; a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remite á comparecencia do Secretario Xeral de Cultura na que informou sobre o Mapa de Bibliotecas públicas de Galicia, conforme ao artigo 27.4 da Lei 5/2012 do 15 de xuño de bibliotecas de Galicia que tivo lugar no seo da Comisión 4ª de Educación e Cultura do pasado día 19 de maio de 2016.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 44909**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego diante do Concello da Coruña para a reapertura da cafetería da estación de autobuses”**, (publicada no BOPG número 573 do 16 de decembro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A xestión e explotación da estación de autobuses da Coruña é realizada polo Concello da Coruña como adxudicatario, desde maio de 1975, do contrato de concesión da explotación da dita estación .

Segundo a cláusula 16.1 da resolución de adxudicación do contrato de concesión: ‘O *concesionario poderá contratar con terceiros a xestión dos servizos accesorios, tales como librería, cafetería, restaurantes, caixa de aforros, máquinas automáticas para bebidas non alcohólicas, locais comerciais, estacionamentos interiores, aparcamentos exteriores, etc. quedando os posibles arrendatarios dos ditos servizos complementarios, obrigados ante o concesionario, único responsable ante a Administración do Estado concedente da explotación do servizo*’.

O 22 de xuño de 1989 o Concello da Coruña adxudica o contrato para a explotación da cafetería da estación de autobuses da Coruña. O 8 de marzo de 2006 prodúcese a transmisión da titularidade xurídica da concesión a unha sociedade mercantil.

O 15 de outubro de 2014 o concesionario da cafetería da estación achega ao Concello da Coruña copia da solicitude de declaración de concurso e apertura da fase de liquidación. Desde estas datas a cafetería da estación de autobuses permanece pechada ao público.



A partir de entón, a Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña iniciou e levou a cabo os trámites necesarios para a resolución do contrato de explotación da cafetería da estación.

Correspóndelle ao Concello da Coruña, adxudicatario do contrato de concesión da explotación da estación de autobuses, a licitación dun novo contrato de explotación da cafetería da dita estación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39673**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os criterios da Xunta en relación coa dotación de fondos bibliográficos ás bibliotecas galegas”**, (publicada no BOPG número 512 do 3 de setembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En resposta á pregunta parlamentaria con nº de rexistro 39673, sobre os criterios da Xunta en relación coa dotación de fondos bibliográficos ás bibliotecas galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remite á comparecencia do Secretario Xeral de Cultura na que informou sobre o Mapa de Bibliotecas públicas de Galicia, conforme ao artigo 27.4 da Lei 5/2012 do 15 de xuño de bibliotecas de Galicia que tivo lugar no seo da Comisión 4ª de Educación e Cultura do pasado día 19 de maio de 2016.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 45929**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Val Alonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa pretensión das autoridades francesas de obrigar os tripulantes dos barcos galegos abandeirados en Francia a darse de alta a cotizar no Établissement National des Invalides de la Marine”**, (publicada no BOPG número 596 do 5 de febreiro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, do 8 de marzo de 2016, pola secretaria xeral Técnica da Consellería do Mar ao dar resposta as iniciativas, 46324 46436, e 45927 todas elas sobre o mesmo tema, e a última delas formulada polos mesmos deputados.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48896**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os criterios seguidos para a repartición da cota de xurelo condonada, a súa incidencia na das embarcacións quen teñen menos e as actuacións previstas para a súa unificación, así como a realización dunha xestión conxunta da frota do cerco que permita o mantemento da súa actividade e rendibilidade”**, (publicada no BOPG número 627 do 7 de abril de 2016), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto xa foi respondido na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, do 18 de maio de 2016, polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 48894 contestación que ofreceu á pregunta 48894, do mesmo tema e autoría.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señorans Álvarez


Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49063**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os criterios defendidos polo Goberno galego na repartición de cotas da xarda para outras artes distintas ao cerco e o arrastre”**, (publicada no BOPG número 631 do 14 de abril de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, do 22 de marzo de 2016, a través da resposta a iniciativa 47690, e na Comisión 8ª do 3 de maio de 2016, a través da resposta a iniciativa 49633, ambas as dúas contestadas polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49600**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Val Alonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa xestión da campaña da xarda para a frota de artes menores no ano 2016, as súas previsións respecto da demanda de modificación do actual sistema de repartición das posibilidades de pesca e as actuacións que vai implementar para posibilitarlle á frota a descarga das capturas accidentais desa especie no que queda de ano”**, (publicada no BOPG número 636 do 21 de abril de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, do 22 de marzo de 2016, a través da resposta a iniciativa 47690, e na Comisión 8ª do 3 de maio de 2016, a través da resposta a iniciativa 49633, ambas as dúas contestadas polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e sobre o mesmo tema e, no caso da 47690, autoría.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 49799**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Rodas Chapela, sobre **“os resultados das negociacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e o Goberno central para regularizar as cotizacións dos mariñeiros enrolados en barcos de empresas galegas e bandeira francesa, así como a incidencia que vai ter a posible solución para as empresas armadoras e os traballadores”**, (publicada no BOPG número 638 do 27 de abril de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto xa foi contestado na Comisión 8ª do 8 de marzo de 2016, pola secretaria xeral Técnica, da Consellería do Mar ao dar resposta as iniciativas 45927,46324 e 46436, todas elas sobre o mesmo tema, e a última delas formulada polo mesmo deputado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 50587**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Francisco Xesús Jorquera Caselas e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a información e a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación padecida en datas recentes polos viaxeiros do tren Talgo nocturno que opera na liña Madrid-Vigo-Pontevedra, a consecuencia da insuficiencia de maquinistas de Renfe para cubrir as vacantes ocasionadas polo plan de baixas voluntarias na residencia de maquinistas de Ourense”**, (publicada no BOPG número 649 do 25 de maio de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A finais do ano 2015 asinábase cos sindicatos o Plan de Emprego do Grupo Renfe co obxectivo de promover o relevo xeracional na empresa e regular, a través dun Plan de Desvinculacións, a ordenación das saídas dos traballadores de maior idade.

Deste xeito, a finais do ano pasado púxose en marcha o Plan de Desvinculacións para o ano 2016, que podería afectar en principio a arredor de 775 traballadores. En canto ás novas incorporacións o Plan de Emprego asinado fai referencia a que estarán suxeitas á porcentaxe contemplada nos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.


Renfe xa manifestou en varias ocasións que se trata dunha situación puntual e que está a traballar na solución deste problema.

Desde o Goberno galego estanse a realizar as correspondentes consultas e seguimento da situación descrita, aos efectos de constatar o correcto funcionamento e cumprimento dos servizos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excmo. Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727